

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12117B	<i>Expediente</i> CON/75/2017	<i>Fecha</i> 09-07-18 09:12

Número 21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de "Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco".

Destinatario

15078DCMG12117Bp



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 06 de xullo de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 21 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUMINISTRO DE SISTEMAS DE CONTROL DE ACCESO MEDIANTE BOLARDOS NA RÚA SAN FRANCISCO".

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, de data 1 de marzo de 2018. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/401 de data 5.7.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal.

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación "Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I17B	<i>Expediente</i> CON/75/2017	<i>Fecha</i> 09-07-18 09:12

Primeiro: Con data 13 de febreiro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SL.

Segundo: Con data 27 de febreiro seguinte celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SL (CIF: A78107349), por un importe de **102.066 euros** (IVE aparte 21%: 21.433,86 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía dun ano, por encima do mínimo establecido no prego de aplicación.

Desígnase como técnica municipal directora- responsable do contrato a Dna. María Moreno Berger, xefa do servizo de mobilidade e seguridade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 62300.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco" a favor da empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SL (CIF: A78107349), por un importe de **102.066 euros**, (IVE aparte 21%: 21.433,86 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I17B	<i>Expediente</i> CON/75/2017	<i>Fecha</i> 09-07-18 09:12

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía dun ano, por encima do mínimo establecido no prego de aplicación.

Desígnase como técnica municipal directora- responsable do contrato a dona María Moreno Berguer, xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13300 62300.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON12108K	Expediente CON/75/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco.

TIPO DE LICITACIÓN: 107.438,02 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de febreiro de 2018, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo de mobilidade e seguridade.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste un representante da empresa Kapsch TrafficCom Transportation S.A.U.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	05/02/2018	5013	A78107349 KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION S.A.U.

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que a aporta correctamente cumprimentada.

A continuación procédese á apertura do sobre que contén a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras do único licitador presentado, que ten como resultado o seguinte

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA
1	KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION S.A.U.	102.066	1 ANO

En consecuencia, e dado que a empresa acompaña tamén a documentación técnica requerida, a mesa acorda

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION S.A.U., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 102.066 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12108K	<i>Expediente</i> CON/75/2017	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco.

TIPO DE LICITACIÓN: 107.438,02 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de febreiro de 2018, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo de mobilidade e seguridade.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION S.A.U., consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión a favor do mencionado licitador.

Ás 9:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA